

Primaria

# Lingua 5

Programación

## Unidade 10

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

O agasallo

### Descrición da unidade

No texto inicial desta unidade hai unha bici e unhas normas para conducila. Desta maneira introdúcese xa o campo semántico que se traballará a continuación (os transportes) e a tipoloxía textual que se abordará no apartado de Expresión: as instrucións. O fragmento elixido contén os ingredientes para espertar o interese do alumnado e, ademais, ofrece exemplos para practicar os contidos gramaticais (as formas tónicas do pronome persoal) e ortográficos (o uso do guión e do *nh*). A unidade e o trimestre péchanse coa celebración da primavera e cunhas actividades que lles servirán aos escolares para poñer a proba as súas competencias.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido aos medios de transporte.
- Formación de palabras mediante prefixos.
- Identificación e uso das formas tónicas do pronome persoal.
- Uso do guión e das palabras con *nh*.
- Redacción de normas.
- A fábula.
- Aspectos culturais de alcance internacional.

### Temporalización:

Marzo

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido aos medios de transporte.
2. Formar palabras derivadas por prefixación.
3. Coñecer e empregar con corrección os pronomes persoais tónicos.
4. Aplicar con corrección as normas ortográficas que rexen o uso do guión e a escritura de palabras con *nh*.
5. Coñecer as características das fábulas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Audición do texto da lectura e o do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable.</li> <li>• Lectura e comprensión dun texto narrativo.</li> <li>• Adquisición de novo vocabulario referido aos medios de transporte e formación de palabras derivadas mediante prefixos.</li> <li>• Identificación e uso dos pronomes persoais tónicos.</li> <li>• Uso do guión e das palabras con <i>nh</i>.</li> <li>• Redacción de normas.</li> <li>• Características da fábula.</li> <li>• Coñecemento do patrimonio cultural e natural: o Día da Árbore e o Día da Auga.</li> </ul>	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas aos medios de transporte e identificar palabras derivadas por prefixación.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido aos medios de transporte e palabras novas. 3.2. Forma palabras derivadas a partir doutras dadas engadindo certos prefixos.
	4. Coñecer as formas tónicas dos pronomes persoais e empregalas correctamente.	4.1. Identifica e emprega correctamente as formas tónicas do pronome persoal.
	5. Recoñecer os diferentes usos do guión, partir correctamente as palabras a final de liña e identificar o grupo <i>nh</i> como un dígrafo.	5.1. Sabe usar o guión e parte correctamente as palabras a final de liña. 5.2. Identifica o grupo <i>nh</i> como un dígrafo.
	6. Escribir un texto instrutivo.	6.1. Entende e interpreta un texto instrutivo. 6.2. Escribe un texto instrutivo de acordo cun modelo.
	7. Coñecer as características das fábulas.	7.1. Recoñece as características propias dunha fábula.
	8. Aprender algúns aspectos do patrimonio natural.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos do patrimonio natural.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD-Audio do LA.</li> </ul>
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li> </ul>
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Ficha de comprensión lectora dos RF.</li> </ul>
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido aos medios de transporte e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
3.2. Forma palabras derivadas a partir doutras dadas engadindo certos prefixos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 1 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
4.1. Identifica e emprega correctamente as formas tónicas do pronome persoal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 2 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
5.1. Sabe usar o guión e parte correctamente as palabras a final de liña.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 3 e 4 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• CD-Audio do LA (ditado).</li> </ul>
5.2. Identifica o grupo <i>nh</i> como un dígrafo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
6.1. Entende e interpreta un texto instrutivo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
6.2. Escribe un texto instrutivo de acordo cun modelo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
7.1. Recoñece as características propias dunha fábula.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 5 de reforzo e actividade 4 de ampliación dos RF.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"><li>• Actividades propostas na PD.</li><li>• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.</li></ul>
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos do patrimonio natural.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Selección de actividades do LA.</li><li>• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.</li></ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.	Respecta os animais.
	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Coida o contorno ambiental. Recoñece a importancia de facer un uso responsable dos recursos naturais. É consciente do impacto que ten a acción individual no medio ou no deterioro da natureza en xeral.
	Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso redor.	Aprende o funcionamento de obxectos cotiáns para usalos adecuadamente.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Resolve actividades a partir da información obtida na Rede.

<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Manexa o dicionario e consulta información na Rede.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Razoa e abstrae conclusións.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	Entende e respecta as diferentes potencialidades de cadaquén.
	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Establece unha escala de valores con criterio propio e é consecuente con ela.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora a tolerancia e a xenerosidade, e rexeita calquera actitude discriminatoria ou ofensiva. Mostra unha actitude responsable coa conservación e o coidado do medio, así como en relación coas medidas de seguridade que se deben adoptar nos medios de transporte.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Asumir responsabilidades e dar conta delas.	Valora o seu contorno e mostra unha actitude de compromiso en relación coa conservación do medio.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a presentación nas actividades desenvolvidas.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Goza coa poesía e coa riqueza do contorno natural.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o texto da lectura no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD, e coa ficha de comprensión lectora dos RF.

### Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido aos medios de transporte no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos a formación de palabras mediante prefixación.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a identificar e aplicar correctamente as formas do pronome persoal tónico.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA o uso do guión e do dígrafo *nh*.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a redactar un texto instrutivo.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

### Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA as características das fábulas.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

### Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

### Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos no LA algúns aspectos do patrimonio natural.



- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora, sobre todo en relación con textos como a fábula, dos que se desprende unha ensinanza que hai que saber extraer e aplicar á experiencia propia.
- Así mesmo, convén fomentar o aspecto lúdico da linguaxe, mediante o xogo coas palabras e o traballo cooperativo.
- Cómpre, coma sempre, fixar hábitos de traballo e habituar ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.
- Tamén, é importante reforzar os contidos que ofrezan maior dificultade para os alumnos con abundante práctica. Lembre que pode reforzar a información do libro coas actividades fotocopiáveis e co libro dixital.
- E como remate do trimestre, convén revisar os contidos que se estudaron desde a unidade 6. Para iso, ao final da unidade ofrécese unha dobre páxina con actividades que serven de repaso para o aprendido.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
  - Fina Casalderrey: *Pesadelo no tren Chocolate*, Ed. Galaxia, col. Árbore.
  - Inacio: *Fábula galénica*, Baía Edicións, col. Barriga verde.
  - Jerry Pinkney: *Fábulas de Esopo*, Ed. Vicens Vives
  - Xabier López Rodríguez: *Os globos de andar*, Baía Edicións, col. Meiga Moira.
  - Xosé Miranda e Antonio Reigosa: *Cando os animais falaban*, Edicións Xerais.

### Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:
  - Caderno verde: <http://www.cadernoverde.com/index.php?r=site/index>

- Fábulas de Esopo:

<http://www.oreinodoscontos.com/2009/09/sete-fabulas-de-esopo-8-anos.html>

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.
- Avaliación da programación didáctica (véxase o modelo na introdución).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?